

## CERTIFICACIÓN

**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria xeral do Concello de Ames (A Coruña)**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 13 de abril de 2023, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**PUNTO CUARTO. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS AOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS E INCLUSIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE AMES. EJERCICIO 2023. EXPEDIENTE GD 3181/2023**

*O Plan Estratéxico de subvencións para o período 2023-2025, aprobado polo pleno do Concello de Ames en sesión do 23.02.2023, recolle a seguinte liña de axuda:*

LIÑA DE SUBVENCIÓN	OBXECTIVOS	EFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PRAZO DE CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2023	CUSTE ANUAL PREVISTO 2024	CUSTE ANUAL PREVISTO 2025	FUNCIONAL	FINANCIAMENTO	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN
Subvencións para actividades de promoción social	Fomentar e promover o desenvolvemento de proxectos que complementen as competencias e actividades municipais desenvolvidas pola concellería de Servizos Sociais e Igualdade	Preténdese fomentar este tipo de asociacionismo no Concello de Ames para que as políticas sociais e de igualdade desenvolvidas polo concello cheguen aos maior número de poboación	Asociacións de carácter social e/ou asistencial do Concello de Ames	2023-2025	60.000	60.000	60.000	2312-48012	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrencia competitiva

*Figura informe favorable conxunto de Secretaria e Intervención municipal (informe A86/2023 do 05.04.2023)*

*Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1376/2021 BOP nº 75 do 23 de abril), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:*

**Primeiro.** Aprobar a convocatoria de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a promoción de actividades complementarias aos servizos sociais comunitarios e inclusión social de Concello de Ames, exercicio 2023.

**Segundo.** Aprobar as bases reguladoras da convocatoria que figuran como Anexo I a este acordo.

**Terceiro.** Aprobar o crédito por importe de 60.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2312.48012 do orzamento municipal en vigor.

**Cuarto.** Publicar o presente acordo seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de Subvencións (LXS), a través do envío do estrato da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) quen o remitirá ao BOP. As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames. O prazo de presentación

de solicitudes será dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do estrato da convocatoria no BOP.

**Quinto.** Dar traslado deste acordo ós departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

**Sexto.** Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

## ANEXO I

### **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS E INCLUSIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE AMES. EXERCICIO 2023**

#### Datos do programa:

<b>Concellaría</b>	Servizos sociais
<b>Anualidade</b>	2023
<b>Denominación</b>	Subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a promoción de actividades complementarias de servizos sociais comunitarios e inclusión social do Concello de Ames.
<b>Beneficiarios</b>	Entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os requisitos establecidos na base 5
<b>Aplicación orzamentaria</b>	2312.480.12
<b>Importe da convocatoria</b>	60.000,00 €
<b>Importe da subvención que se vai conceder</b>	Máximo de 7.500,00 € por proxecto de actuación, cun máximo de 3 proxectos por entidade.
<b>Coeficiente de financiamento</b>	Máximo do 80%

#### **BASE 1.- OBXECTIVOS DA CONVOCATORIA**

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, durante o exercicio 2023, destinadas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a promoción de actividades complementarias aos servizos sociais comunitarios do Concello de Ames, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade, conforme a disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do réxime local, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o seu Regulamento, así como no Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais.

A través da presente convocatoria, desde a Concellaría delegada de Servizos Sociais propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

##### 1.1 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS, OU DE PRIMEIRO NIVEL.

- a) Procurar unha óptima atención complementaria a persoas usuarias dos Servizos Sociais cofinanciando as actividades levadas a cabo por entidades de iniciativa social no ámbito dos servizos comunitarios, e da inclusión social.
- β) Formular un instrumento único que dea cabida a todas as iniciativas que neste ámbito competencial son desenvolvidas por entidades desta natureza, facilitándose así unha máis efectiva coordinación entre os dispositivos existentes.
- χ) Unificar programas e actividades que, aínda que son da mesma natureza que os de ámbito municipal en canto ao obxectivo que perseguen, non así en canto aos responsables da súa xestión.

##### 1.2 OBXECTIVOS INSTRUMENTAIS, OU DE SEGUNDO NIVEL.

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación, ou obxectivos de

segundo nivel:

- Promover actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun proxecto de carácter básico, innovador, e/ou complementario dos servizos sociais comunitarios: de inserción social, de convivencia alternativa, programas orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares na procura da súa normalización, da súa autonomía e calidade de vida, ou calquera outro que dea cumprimento ao obxecto deste nivel de atención.
- Promover a saúde pública divulgando os efectos dunha determinada enfermidade ou outras problemáticas de índole sanitario: drogodependencia, alcoholismo, VIH, enfermidades de transmisión sexual, etc.
- Promover a inclusión social de persoas novas, mulleres e colectivos con dificultades de inserción, persoas con discapacidade, así como programas integrais de base comunitaria en barrios urbanos que desenvolvan accións preventivas, de intervención, seguimento e titorización para persoas en situación ou risco de exclusión social.

## BASE 2.- RÉXIME XURÍDICO

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas polo Concello de Ames está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de producir efectos no devandito ámbito:

- ⤴ Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- ⤴ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- ⤴ Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- ⤴ Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- ⤴ Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- ⤴ Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- ⤴ Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- ⤴ Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- ⤴ Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- ⤴ Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- ⤴ Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- ⤴ Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.
- ⤴ Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Ames.
- ⤴ Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Ames do 1 de xullo de 2006, BOP núm. 198 do 29 de agosto de 2006.

## BASE 3.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN E LIÑAS SUBVENZIONABLES

### 3.1. Obxecto da subvención

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións destinadas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a promoción de actividades complementarias aos servizos sociais comunitarios do Concello de Ames durante o exercicio 2023.

### 3.2. Liñas subvencionables

Son subvencionables as seguintes liñas de actuacións complementarias dos Servizos Sociais comunitarios:

LIÑA 1: Proxectos de inclusión social ou de convivencia.

A) Actuacións que formen parte de Programas de inserción social dirixidos a colectivos con especiais dificultades: persoas novas, mulleres, persoas con discapacidade, maiores, etnia xitana, persoas inmigrantes, etc

B) Actuacións que formen parte de Programas integrais de base comunitaria que desenvolvan accións preventivas, de intervención e seguimento para persoas en risco de exclusión social.

LIÑA 2: Xornadas, charlas e en xeral divulgación dos efectos de determinadas enfermidades, adiccións, ou outras problemáticas de índole sanitario: drogodependencia, alcoholismo, VIH, enfermidades de transmisión sexual, etc

LIÑA 3: Actuacións destinadas a adquirir capacitación persoal, formación básica e de tipo laboral específica, adaptada ás necesidades de persoas con discapacidade física, intelectual, mental ou sensorial, que permitan mellorar a autonomía persoal, o autocoidado, así como a cualificación profesional.

#### **BASE 4.- FINANCIAMENTO**

O importe da consignación ascende a un total de 60.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2312.480.12 do orzamento ordinario para 2023.

O importe individual das achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria non poderá superar os 7.500,00 € por proxecto de actuación, cun máximo de tres proxectos por entidade.

#### **BASE 5.- BENEFICIARIOS**

Poderán optar a estas subvencións as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que realicen actividades complementarias aos Servizos Sociais comunitarios que cumpran tanto os requisitos xerais como os específicos da convocatoria que se sinalan a continuación:

##### **5.1. Requisitos xerais**

Os beneficiarios/as de subvencións convocadas polo Concello de Ames deberán cumprir en todo caso os seguintes requisitos:

- (1) Non estar incurso/a en ningún dos supostos aos que se refiren os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2033, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- (2) Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Ames.
- (3) Non ter pendente a xustificación dalgunha subvencións anterior, a non ser que lles fose concedida unha prórroga

##### **5.2. Requisitos específicos da convocatoria**

Poderán ser beneficiarios/as das subvencións obxecto da presente convocatoria as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos :específicos

- Estar legalmente constituídas
- Realizar actividades complementarias aos Servizos Sociais comunitarios
- Desenvolver a súa actividades, entre outros ámbitos, no Concello de Ames
- Figurar inscritas no rexistro de asociacións da Xunta de Galicia.

#### **BASE 6.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

##### **6.1. Gastos subvencionables**

Poderán ser subvencionados, ata un máximo do 80% do orzamento total, os seguintes gastos:

###### 6.1.A) Gastos de persoal necesarios para a execución das actuacións.

Serán subvencionables as retribucións totais correspondentes, incluída cotización empresarial á Seguridade Social para os correspondentes grupos profesionais no seus respectivos convenios colectivos.

Así mesmo serán subvencionables as retribucións de persoal contratado en réxime de arrendamento de servizos, modalidade que terá sempre carácter excepcional nos casos en que polas especiais características da actividade non resulte posible a realización polo propio persoal da entidade beneficiaria.

En caso de que as entidades executen os proxectos con persoas voluntarias serán gastos subvencionables as asignacións para gastos de locomoción, manutención e estancias.

###### 6.1.B) Gastos correntes consumibles non amortizables necesarios para a realización da actividade, incluídos gastos de suministros, dos locais utilizados para o seu desenvolvemento.

No caso de que os locais sexan destinados a outras actividades asignarase unha prorrata de acordo cun método equitativo debidamente xustificado.

6.1.C) Gastos de axudas económicas directas a persoas usuarias dos Servizos Sociais comunitarios, destinadas á cobertura de necesidades urxentes ou de emerxencia social para satisfacer necesidades primarias: vivenda, alimentos, gastos médicos e farmacéuticos, etc.

##### **6.2. Gastos non subvencionables**

Non son subvencionables os gastos de alugueiro dos locais utilizados para o desenvolvemento das actividades.

##### **6.3. Ámbito temporal**

Os gastos para os que se solicite a subvención municipal **deberán executarse dentro do exercicio 2023.**

## **BASE 7.- COMPATIBILIDADES E EXCLUSIÓNS**

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das axudas non supere o custo da actividade ou o investimento subvencionado.

Sen prexuízo do anterior, as actividades para as que se solicite esta subvención non poderán acollerse a outras convocatorias do Concello de Ames.

## **BASE 8.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

### **8.1. Publicidade da convocatoria**

O extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña previa remisión do mesmo á Base de Datos Nacional de Subvencións, de conformidade co establecido nos artigos 17.3.b e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións.

As bases xunto coa convocatoria desta subvención publicaranse na páxina web do Concello de Ames e remitiranse tamén á Base de Datos Nacional de Subvencións.

### **8.2. Prazo de presentación**

O prazo para presentar as solicitudes será de UN MES (1 mes) a contar desde o día seguinte ao da publicación do estrato da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase prorrogado ata o inmediato hábil seguinte.

### **8.3. Lugar de presentación**

De acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse coas administracións públicas a través de medios electrónicos.

As solicitudes, xunto co resto da documentación, presentarase na sede electrónica do Concello de Ames (<https://sede.concellodeames.gal/GDCarpetaCiudadano/welcome.do>) mediante os modelos normalizados que se inclúen como anexos á presente convocatoria. Igualmente poderá presentarse no Rexistro electrónico do Punto de Acceso Xeral do Estado (REC), ao que poderá acceder desde o enlace dispoñible na sede electrónica do Concello de Ames.

### **8.4. Documentación**

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases:

<b>ANEXO 1</b>	<p><b>SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN</b></p> <p>Xunto con este anexo, <u>os solicitantes deberán achegar a seguinte documentación:</u></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Descrición detallada do proxecto, programa ou actuacións para as que se solicita a subvención.</li> <li>2. Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.</li> <li>3. En caso de solicitar subvención por importe superior a 3.000 euros, a entidade deberá aportar certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT, Concello de Ames, así como coa Seguridade Social, de conformidade co previsto no artigo 22 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, salvo que autorice ao Concello de Ames á comprobación dos datos.</li> <li>4. Escritura pública ou certificación do Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia acreditativa da representación da entidade.</li> </ol>
<b>ANEXO 2</b>	<p><b>DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA QUE OSTENTA A REPRESENTACIÓN LEGAL DA ENTIDADE.</b></p>

**No caso de que unha entidade solicite a subvención para varios proxectos deberá presentar unha solicitude por cada proxecto de actuación.**

Deberá presentarse solicitude para cada ocasión ou exercicio no que se pretenda obter unha axuda. O feito de presentar unha solicitude para un exercicio non implicará que se considere presentada para exercicios posteriores.

## **BASE 9.- COMPROMISOS E OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS/AS**

### **9.1. Compromisos e obrigas xerais**

As entidades beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria estarán obrigadas a:

1. *Cumprir a finalidade e os obxectivos, executar o proxecto, realizar a/as actividade/s ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.*
2. *Empregar os fondos percibidos nos fins e na finalidade para a que foron outorgados.*
3. *Xustificar debidamente a cantidade percibida.*
4. *Comunicar por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes desde a notificación /publicación da concesión da subvención calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.*
5. *Proporcionar ao servizo xestor e instrutor do expediente a información funcional, económica e estatística que se lle requira a efectos do seguimento, avaliación e planificación, así coma facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento se consideren necesarias.*
6. *Facilitar a verificación da realización e xestión do proxecto, actuación ou actividade obxecto de subvención a calquera responsable da xestión e/ou instrución do procedemento a través dos medios que se consideren máis axeitados.*
7. *Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se teña coñecemento de ditas circunstancias e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*
8. *Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.*
9. *Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.*
10. *Empregar no exercicio das súas actividades unha linguaxe non sexista, unha comunicación inclusiva e non empregar a imaxe das mulleres como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigratorio, segundo o que dispón o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia sobre Igualdade.*
11. *Cando as actividades afecten a menores de idade o persoal ao que corresponda a realización das mesmas cumprirá o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.*

## 9.2. Compromisos e obrigas específicos desta convocatoria

1. **Difusión do carácter público do financiamento.** Os beneficiarios deberá dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, unha vez comunicada a resolución da concesión conforme ao establecido na Lei Xeral de Subvencións.

As medidas de difusión poderán consistir na inclusión da imaxe institucional do Concello, así como lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

Cando o programa, actividade, investimento ou actuación gozase doutras fontes de financiamento e o beneficiario viñese obrigado a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión da subvención concedida, así como a súa relevancia, deberán ser análogos aos empregados respecto das outras fontes de financiamento.

## BASE 10.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

A concesión da subvención realizarase en réxime de concorrencia competitiva.

### 10.1. Instrución

- a) *A instrución do procedemento de concesión das subvencións corresponde á Concellaría delegada en materia de Servizos Sociais, que terá o carácter de órgano instrutor aos efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.*
- b) *O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.*
- c) *De conformidade co disposto no artigo 24.3 da Lei Xeral de Subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:*
  1. *Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.*
  2. *Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuadas de conformidade cos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos na base seguinte.*

- d) Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instrutor requirirá ao interesado para que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, no prazo máximo de 10 días hábiles, indicándolle que se non o fixera se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolucións que deberá ser ditadas nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

- e) O órgano instrutor deberá emitir informe no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións reguladas nesta convocatoria.
- f) O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, formulará a proposta de resolución debidamente motivada.

### 10.2. Comisión avaliadora

- A Comisión Avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidente/a:	- A persoa titular da Concellería delegada da Área de Servizos Sociais
Vogais	- Dúas/dous técnicas/os do departamento de Servizos Sociais - Un/ha funcionario/a de secretaría, que actuará como secretario/a.

- A Comisión Avaliadora deberá facer unha valoración e asignación de puntos a cada solicitude presentada, aplicando os criterios de valoración establecidos no apartado seguinte (10.3)

### 10.3 Criterios de valoración das solicitudes

A selección das peticións e contía das subvencións determinarase despois da consideración dos gastos que se vaian realizar, de acordo co seguinte baremo:

	DESCRICIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA
1	Dimensión e eficacia social: número de persoas usuarias	30 puntos
2	Orzamento	25 puntos
3	Necesidade social do proxecto, programa ou actividade en relación cos recursos existentes na zona do seu desenvolvemento	25 puntos
4	Número de actividades desenvolvidas	25 puntos
5	Anos de experiencia na realización de programas de inserción social para persoas en situación ou risco de exclusión social	15 puntos
6	Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres	15 puntos
7	Uso e fomento da lingua e cultura galega	10 puntos
8	Inscripción do Rexistro municipal de asociacións	5 puntos
	<b>TOTAL</b>	<b>150 puntos</b>

Entenderase por persoas usuarias o número de persoas beneficiarias do proxecto con independencia do número de actuacións realizadas coa mesma persoa.

Entenderase por actividades desenvolvidas cada unha das accións de intervención sobre a realidade necesarias para alcanzar os obxectivos específicos do proxecto.

En relación aos criterios de valoración 1, 2, 4 e 5 do baremo asignarase a seguinte puntuación:

Dimensión e eficacia social : número de persoas usuarias:

Ata 20 persoas	De 21 a 50 persoas	+ de 50 persoas
10 puntos	20 puntos	30 puntos

Orzamento:

Ata 3000 €	De 3000,01 € a 6.000,00 €	+ de 6.000,00 €
15 puntos	20 puntos	25 puntos

Número de actividades:

1 actividade	De 2 a 5 actividades	Máis de 5 actividades
5 puntos	15 puntos	25 puntos

Experiencia:

Ata 2 anos	De 2 a 5 anos	Máis de 5 anos
5 puntos	10 puntos	15 puntos

#### 10.4 Determinación do importe da subvención concedida

##### **Coefficiente de financiamento**

Como máximo subvencionarase o 80 % do orzamento subvencionable.

O **coeficiente de financiamento (CF)** é o cociente existente entre a subvención concedida e o orzamento subvencionado, expresado en porcentaxe.

Enténdese por orzamento subvencionado o gasto total a que ascenda a actividade para a que se pretenda a subvención, segundo conste na solicitude formulada pola entidade interesada.

$$CF (\%) = \frac{\text{Importe da subvención concedida}}{\text{Importe total do orzamento subvencionado da actividade}}$$

O coeficiente de financiamento será aplicado sobre o gasto validamente xustificado, co fin de determinar o importe final da achega que lle vaia corresponder á entidade beneficiaria.

En consecuencia, para percibir o importe íntegro da subvención concedida, a entidade beneficiaria deberá xustificar, como mínimo, un gasto polo importe total do proxecto presentado. Realizarase a correspondente minoración no caso de non xustificarse na súa totalidade.

##### **Contía individualizada**

A contía individualizada da subvención virá determinada polo valor punto.

O **valor punto** será o resultado de dividir o importe máximo previsto para esta subvención na aplicación orzamentaria correspondente (60.000,00 euros) entre a suma de todos os puntos dos proxectos subvencionables.

$$\text{Valor punto} = \frac{60.000 \text{ euros}}{\sum \text{ de todos os puntos dos proxectos subvencionables}}$$

Unha vez obtido o valor punto en euros multiplicarase polos puntos obtidos por cada un dos proxectos, coas seguintes limitacións; 7.500 euros por proxecto ou 80% do custe total do proxecto (Base 4 e 6 da presente convocatoria).

No caso de que aplicando os límites anteriores resulte un sobranse, o dito sobranse repartirase volvendo a calcular un valor punto, que será o resultado de dividir o importe sobranse entre a suma de todos os puntos de aqueles proxectos subvencionables que non alcanzasen o seu límite no apartado anterior.

$$\text{Valor punto} = \frac{\text{Importe sobranse}}{\sum \text{ de todos os puntos de todos os proxectos subvencionables que non alcanzaran o límite do apartado anterior}}$$

No caso de que resultase de novo un sobranse procederase de igual modo.



A suma das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou o investimento feito polo/a beneficiario/a.

### 10.5. Resolución

Logo da preceptiva fiscalización do órgano interventor sobre a proposta realizada polo servizo instrutor, a Alcaldía ou o órgano a favor do cal a Alcaldía efectuase a correspondente delegación, ditará resolución definitiva.

A resolución de concesión deberá conter a relación das solicitudes estimadas, desestimadas, desistidas e non admitidas a trámite.

As resolucións que estimen as solicitudes expresarán en relación con cada unha delas o obxecto da subvención outorgada, a contía concedida, o coeficiente de financiamento correspondente e o orzamento subvencionado. As que desestimen as solicitudes ou as inadmitan a trámite motivarán debidamente esta circunstancia.

A falta de resolución expresa en prazo implicará a desestimación da solicitude de subvención, sen prexuízo do indicado no artigo 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

### 10.6. Prazo de resolución e notificación

A súa resolución notificaráselle a todos os solicitantes no prazo máximo de un mes desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, expresando, de xeito motivado, se foi desestimada ou estimada a solicitude, para os efectos de posibles recursos.

A notificación efectuarase nos termos establecidos no artigo 42 da lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

### 10.7. Recursos

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou. A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo sinalado no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (un mes desde a notificación da resolución de concesión da subvención). A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa (dous meses desde a notificación da resolución de concesión da subvención).

### 10.8. Aceptación ou renuncia á subvención

No prazo de dez (10) días naturais seguintes ao da notificación da resolución, os/as beneficiarios/as das subvencións deberán comunicarlle ao Concello de Ames, por escrito, a aceptación ou renuncia á mesma. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase tacitamente aceptada a subvención concedida.

## BASE 11.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

### 11.1. Importe a xustificar

O importe a xustificar será igual ao da subvención concedida incrementada nun 20%.

### 11.2. Prazo de xustificación

En aplicación do previsto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións aboaranse en pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución dos proxectos subvencionados. Os pagos ingresaranse na conta bancaria designada pola entidade na contía equivalente á xustificación presentada.

A estes efectos os prazos de xustificación, agás que se conceda unha prórroga a instancia de parte, finalizarán nas seguintes datas:

1. **31 de xullo de 2023**, para as actividades realizadas e aboadas polas entidades no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2023.
2. **10 de decembro de 2023**, para as actividades realizadas e aboadas polas entidades no período comprendido entre o 1 de xullo e o 30 de novembro de 2023.

### 11.3. Documentación xustificativa

A obriga de xustificar a achega concedida deberá cumprirse mediante a presentación da correspondente MEMORIA XUSTIFICATIVA, de acordo co modelo que se recolle como ANEXO III destas bases, á que se engadirá a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas nestas bases así como, se é o caso, na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación clasificada de gastos con identificación do acredor, o concepto de gasto, o seu importe, nº de

factura, data de emisión e data de pagamento. Deberán achegarse os orixinais das facturas ou xustificantes do gasto que deberán ir acompañados da documentación acreditativa do pago. No xustificante bancario deberá constar, ademais do emisor e receptor do pagamento, o número de factura obxecto do pagamento e a data do mesmo.

Os beneficiarios/as das subvencións deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse documentalmente (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias..) e só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, tiquets de aparcadoiro, etc) e en todo caso para gastos non superiores a 150€.

Para os efectos do indicado no artigo 31 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto efectivamente realizado o documentado segundo o indicado no parágrafo anterior. **É requisito necesario o seu aboamento con anterioridade á finalización do período de xustificación que se indica nesta base.**

Para facilitar o control da concorrencia de outras subvencións outorgadas coa mesma finalidade as facturas e demais xustificantes de gasto que se presenten deben ser orixinais. Estes documentos estampilharanse polo beneficiario antes da súa presentación electrónica coa seguinte mención **“documento empregado para xustificar unha subvención ante o Concello de Ames na convocatoria de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a promoción de actividades complementarias aos servizos sociais comunitarios e inclusión social do Concello de Ames 2023”** indicando o importe afectado pola subvención. Non se aceptarán aqueles documentos xustificativos do gasto nos que non conste a estampa correspondente.

Con independencia dos libros e rexistros contables que as normas de carácter xeral poidan establecer aos beneficiarios/as de subvencións como consecuencia da súa forma xurídica (Asociación, Fundación, Federación, etc) estes deberán contar en todo caso, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúa debidamente identificados, entre outros, os relativos á actividade ou material obxecto de financiamento polo Concello de Ames, que terá os efectos previstos no artigo 17.3. h) da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 11.f) e g) da Lei de subvencións de Galicia.

3. En caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto:
  - i. orixinal dos contratos de traballo.
  - ii. Orixinal das nóminas aboadas e os boletíns de cotización á seguridade social TC1 e TC2, así como os documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).
4. Material empregado para o cumprimento do deber de difusión do carácter público do financiamento, de acordo co indicado na base 9.2.b).

A documentación relativa á xustificación presentarase no rexistro electrónico do Concello. A persoa representante ou presidente/a da entidade responsabilizarase de que todos os documentos que se axunten na sede electrónica son orixinais.

#### 11.4. Tramitación da xustificación

Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de exceptuar o art. 31.2 da Lei xeral de subvencións, entenderase que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada no apartado anterior.

Á vista da documentación xustificativa presentada e logo do informe previo da unidade xestora acreditativo de que da información que consta no seu poder se deriva que os beneficiario/as achegaron a totalidade de documentación xustificativa esixida e despois da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados.

Se a documentación é correcta, procederase á aprobación da xustificación e ao pagamento da subvención.

En caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, o órgano xestor formulará o correspondente requirimento, con advertencia de que de non proceder á emenda das eivas advertidas no prazo de dez días hábiles, consideraráselle desistido do procedemento, ditándose a resolución de perda do dereito ao cobro, que será notificada ao/á interesado/a.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e o seu pagamento, terase en conta o seguinte:

- a) no caso de que se xustifique gasto por un importe igual ou superior ao orzamento subvencionado (é dicir, ao gasto da actividade, segundo figure na solicitude da subvención), aboarase a totalidade da subvención.
- b) no caso de que se xustifique gasto inferior ao 100 por 100, pero superior ao 30 por 100 do orzamento subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe total dos gastos acreditados.

- c) o caso de que se xustifique gasto inferior ao 30 por 100 do orzamento subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador nas normas de xeral aplicación.

Completada a documentación e emitido o informe proposta favorable ao pagamento, no que se concrete o importe da subvención inicialmente concedida que proceda a boar ao/a beneficiario/a, o expediente será remitido ao órgano interventor, para o efecto de que se emita o preceptivo informe de fiscalización previo á aprobación da xustificación e pagamento.

#### **11.5. Xustificación extemporánea**

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nas bases sen que o/a beneficiario/a presente a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días desde a notificación, advertíndolle que, noutro caso, perderá o dereito ao cobro, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.

#### **11.6. Pagamento**

O pagamento farase efectivo unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos indicados nas bases reguladoras e realizárase, con carácter xeral, nun pago único.

Logo do preceptivo informe de fiscalización do órgano interventor, ditarase a resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación e perda do dereito ao cobro.

Emitida resolución de pagamento, a tesourería preparará a orde de transferencia correspondente a prol da conta bancaria designada polo/a beneficiario/a.

No caso de non estar ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Concello de Ames advertirase ao/a beneficiario/a de que non se procederá ao pagamento e concederáse un prazo de 3 meses para xustificar que ten regularizada a súa situación. De non presentar a xustificación no indicado prazo declararase a perda do dereito á subvención outorgada.

#### **BASE 12.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN**

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.

#### **BASE 13.- RÉXIME SANCIONADOR**

O beneficiario/a quedará sometido ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal.

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

No caso de **incumprimento dos prazos de xustificación**, se a dilación no cumprimento do prazo non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada. Se excedese dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada. E se a extemporaneidade da xustificación excedese de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo que suporá o 30% do importe da subvención.

#### **BASE 14.- ÓRGANOS DE CONTROL DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS**

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo.

#### **BASE 15.- CONTROL POSTERIOR POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL**

O control posterior das subvencións concedidas axustarase ao que cada ano se recolla no Plan Anual de Control Financeiro aprobado polo órgano interventor.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- PUBLICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS E INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS**

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistro público de subvencións, nos seguintes termos:

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, ca exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

Do mesmo xeito, e por aplicación do disposto no artigo 18 do RD 887/06, advírtese que o Concello de Ames publicará as subvencións concedidas, expresando na mesma o nome ou razón social do beneficiario/a, número de

identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e cantidade concedida.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS**

O responsable do tratamento dos datos persoais que consten no expediente de convocatoria destas axudas é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica, da convocatoria de axudas para a promoción de actividades levadas a cabo por entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a promoción de actividades complementarias de servizos sociais comunitarios e inclusión social do Concello de Ames no exercicio 2023, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal e no interese público.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o/a delegado/a de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico [dpd@concellodeames.gal](mailto:dpd@concellodeames.gal).

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no seu Regulamento.

<b>CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS E INCLUSIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE AMES. EXERCICIO 2023</b>
<b>ANEXO I</b>
<b>SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN</b>

**Nota.-** Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar igualmente:

1. Descrición detallada da actividade para a que se solicita a subvención.
2. Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.
3. Certificación de estar ao corrente nas obrigas coa Axencia Tributaria, Deputación e Tesourería Xeral da Seguridade Social, no caso de non autorizar ao concello á comprobación.
4. Escritura pública ou certificación do Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia acreditativa da representación da entidade.

#### **DATOS DO PRESIDENTE/A DA ENTIDADE:**

Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude (Presidente/a da entidade)	
NIF	
Enderezo	
Localidade	
Teléfono	

Enderezo electrónico	
----------------------	--

Actuando en representación de **(DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE)**:

Nome da entidade	
CIF	
Enderezo	
Localidade	
Teléfono de contacto	
Nome do secretario/a	
Enderezo electrónico	

Tendo coñecemento da liña de axudas convocada polo Concello de Ames para a promoción da actividades realizadas por entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a promoción de actividades complementarias de servizos sociais comunitarios e inclusión social do Concello de Ames no exercicio 2023, SOLICITO ao abeiro desta convocatoria a concesión dunha achega para a realización das actividades indicadas a continuación:

**Nota.-** Deberase describir, de xeito suficientemente detallado, a actividade para a que se solicita a subvención, así como o fin ou obxectivo que se espera acadar coa mesma, de feito que resulte posible contrastar a súa efectiva consecución. En caso de que o espazo ofrecido neste cadro non sexa suficiente, poderán empregarse os documentos adicionais necesarios, documentos que serán presentados xunto con esta solicitude).

**LIÑAS SUBVENCIONABLES** (marque a casilla que corresponda)

LIÑA 1	A) Proxectos que formen parte de Programas de inserción social dirixidos a colectivos con especiais dificultades: persoas novas, mulleres, persoas con discapacidade, maiores, etnia xitana, persoas inmigrantes, etc.	
	B) Proxectos que formen parte de Programas integrais de base comunitaria que desenvolvan accións preventivas, de intervención e seguimento para persoas en risco de exclusión social.	
LIÑA 2	Xornadas, charlas e en xeral divulgación dos efectos de determinadas enfermidades, adiccións, ou outras problemáticas de índole sanitario: drogodependencia, alcoholismo, VIH, enfermidades de transmisión sexual, etc.	
LIÑA 3	Actuacións destinadas a adquirir capacitación persoal, formación básica e de tipo laboral específica, adaptada ás necesidades de persoas con discapacidade física, intelectual, mental ou sensorial, que permitan mellorar a autonomía persoal, o autocoidado, así como a cualificación profesional.	

**OBXECTIVOS DO PROXECTO PARA A QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN**

1.	
2.	
3.	

**ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS**

Descrición do gasto	Contía da achega solicitada	Outras achegas	Financiamento propio da entidade e outros recursos	CONTÍA TOTAL
1.				
2.				
3.				
4.				
5.				
6.				
7.				
8.				
<i>TOTAIS</i>				

**SUBVENCÍONS SOLICITADAS PARA A MESMA FINALIDADE**

Descrición	Importe
<i>TOTAL</i>	
Financiamento propio da entidade e outros recursos	Importe
<i>TOTAL</i>	

**CARACTERÍSTICAS DO PROXECTO/ PROGRAMA/ ACTIVIDADE** (escribir o número e marcar a casilla que corresponda)

Número de persoas usuarias	
Número de actividades desenvolvidas	
Anos de experiencia na realización de programas de inserción social para persoas en situación de risco ou de exclusión social	
Actividades de promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres	
Emprego do uso da lingua e cultura galega	
Inscripción no rexistro municipal de asociacións	Si
	Non

Ames, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

**Información relativa ao tratamento de datos persoais:**

O responsable do tratamento dos datos de carácter persoal que poidan constar no expediente é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica das subvencións destinadas á promoción de actividades levadas a cabo por entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a promoción de actividades complementarias de servizos sociais comunitarios e inclusión social do Concello de Ames, que se contén nas bases polas que se aproba a correspondente convocatoria, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal e no interese público. O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o/a Delegado/a de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico [dpd@concellodeames.gal](mailto:dpd@concellodeames.gal).

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS E INCLUSIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE AMES. EXERCICIO 2023**

**ANEXO 2**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE**

Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude (Presidente da asociación)	
NIF	

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

Nome da Entidade	
CIF	

Aos efectos do previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 24 do Real decreto 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

En relación ao proxecto para o que se ten solicitado unha achega do Concello de Ames ao abeiro da convocatoria sinalada no encabezamento deste documento, formulo a seguinte

#### DECLARACIÓN RESPONSABLE:

- Que a entidade representada por min está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non está incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiaria dunha achega ao abeiro da presente convocatoria, comprometéndose a manter esta situación ate a completa resolución do expediente.
- Que nin eu nin a entidade por min representada estamos incurso en ningunha circunstancia que impida o acceso á condición de beneficiario/a dunha achega pública.
- Que non obstante o anterior, para a tramitación desta solicitude:  
 AUTORIZO ao Concello de Ames para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social.  
 NON AUTORIZO ao Concello de Ames para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social.

#### **No caso de opoñerse á comprobación deberá achegar a documentación necesaria para a xestión do trámite.**

- Que a entidade representada por min se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se dedica a subvención, no caso de ser concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.

Ames, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_

O/a Presidente/a da Entidade

#### **Información relativa ao tratamento de datos persoais:**

O responsable do tratamento dos datos de carácter persoal que poidan constar no expediente é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica das subvencións destinadas á promoción de actividades levadas a cabo por entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a promoción de actividades complementarias de servizos sociais comunitarios e inclusión social do Concello de Ames, que se contén nas bases polas que se aproba a correspondente convocatoria, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.



Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal e no interese público. O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o/a Delegado/a de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico [dpd@concellodeames.gal](mailto:dpd@concellodeames.gal).

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS E INCLUSIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE AMES. EXERCICIO 2023**

**ANEXO 3**

**CONTA XUSTIFICATIVA**

<b>PERÍODO AO QUE SE REFIRE A XUSTIFICACIÓN</b>	<b>1 de xaneiro a 30 de xuño de 2023</b>	
	<b>1 de xullo a 31 de decembro de 2023</b>	

**DATOS DO PRESIDENTE/A DA ENTIDADE:**

Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude (Presidente/a da entidade)	
NIF	
Enderezo	
Localidade	
Teléfono	
Enderezo electrónico	

**DATOS DA ENTIDADE**

Nome da Entidade	
CIF	

**DECLARO:**

1. Que foron efectuadas as actividades financiadas con cargo a achega concedida polo Concello de Ames para a promoción de actividades complementarias de servizos sociais comunitarios e inclusión social, realizadas por entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio 2023, e que se acadaron os obxectivos propostos.
2. Que os documentos presentados xunto coa conta xustificativa son orixinais polo que se responde da súa veracidade.
3. Que, para as actividades subvencionadas, a relación de gastos e ingresos da entidade por min representada é a que se reproduce a continuación:



<i>Administración concedente</i>	<i>Importe</i>
<b>Total</b>	

**Outros ingresos que financiaron a actividade:**

<i>Tipo de ingreso</i>	<i>Importe</i>
<b>Total</b>	

Ames, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_

O/a Presidente/a da Entidade

**Información relativa ao tratamento de datos persoais:**

O responsable do tratamento dos datos de carácter persoal que poidan constar no expediente é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica das subvencións destinadas á promoción de actividades levadas a cabo por entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a promoción de actividades complementarias de servizos sociais comunitarios e inclusión social do Concello de Ames, que se contén nas bases polas que se aproba a correspondente convocatoria, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal e no interese público. O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o/a Delegado/a de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico [dpd@concellodeames.gal](mailto:dpd@concellodeames.gal).

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do alcalde, en Ames, a 13.04.2023, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde  
José Blas García Piñeiro

A secretaria  
Rosa Ana Prada Queipo

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:  
13/04/2023 DCAFA08587B6280B37A145073275F726E60DDB4CA  
13/04/2023 0FD2C3776C7B204298B5CEE009905C3886F2BBDE1

POSTO DE TRABALLO:  
Secretaría  
Alcalde

NOME:  
PRADA QUEIPO, ROSA ANA  
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 152220IDOC2FD7F9736A25D3B4381